



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Dirección Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admto. San Caetano,
Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 86848 / RX 1437239



Data 11/10/2017 13:17:34



PTU-AC-11/147
SADA (A CORUÑA)
PXOM
Notificación orde
Póx. 1 de 5

Sr. Alcalde do Concello de Sada (A Coruña)

Notifícole que con data 11/10/2017 a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ditou a orde que literalmente di:

"ORDE DO 11 DE OUTUBRO DE 2017 DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SADA.

O Concello de Sada eleva para a súa aprobación definitiva o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM), conforme ao previsto no artigo 85.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en diante, LOUG), en relación coa disposición transitoria segunda da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Analizada a documentación remitida polo Concello; e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, resulta:

I. ANTECEDENTES

I.1. Planeamento municipal vixente

O concello de Sada réxese polas Normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente o 10/01/1997 (en diante, NSP), afectadas polo Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. Este decreto foi modificado polos Decretos 193/2008, do 28 de agosto, e 53/2012, do 19 de xaneiro.

En desenvolvemento das NSP aprobáronse os seguintes instrumentos:

- Plan Parcial SAUR-8 en Meirás (AD 25/01/2001).
- Plan Parcial SAU-3 (Revisión do PP) Praia de San Pedro de Veigue (AD 14/06/1996).
- Plan Parcial SAU-10 Fortiñón (AD 01/07/1994).
- Plan Parcial SAU-2 As Brañas (AD 07/04/1994).
- Plan Parcial SAU-6 Souto da Igrexa en Meirás (AD 30/03/1993).
- Plan Parcial Actuación Industrial en Espírito Santo. Sada-Cambre (AD 07/10/1992)
- Plan Parcial SAU-5 Ferradura (AD 18/06/1992).
- Plan Parcial SAU-5 Solo Industrial. Soñeiro (AD 10/04/1992)



PTU-AC-11/147
SADA (A CORUÑA)
PXOM
Notificación orde
Póx. 2 de 5

- Plan Especial PE-3 As Brañas (AD 07/04/1994)
- Plan Especial Zona de Contacto co Porto. Fontán (AD 23/02/1979).

I.2. Figuras de Ordenación do territorio con incidencia supramunicipal

O concello de Sada está afectado polo Plan de ordenación do litoral de Galicia (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, en diante POL); polo Plan Sectorial da Rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo (AD 29/07/2004, DOG 20/09/2004); e polos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal: Ampliación do centro de atención especial a persoas con parálise cerebral, ASPACE (AD 16/11/2006, DOG 28/12/2006) e Ampliación da estación de ITV do Espírito Santo (AD 20/12/2012, DOG 25/01/2013).

I.3. Tramitación

1. Ao abeiro do artigo 85.1 da LOUG, constan informes do arquitecto e do secretario municipal, do 23/12/2011; así como do arquitecto asesor, do 22/12/2011.
2. O 30/05/2012, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe previo á aprobación inicial (IPAI) do PXOM de Sada redactado en decembro de 2011 e marzo de 2012.
3. Constan informes municipais previos á aprobación inicial: técnico, do 11/12/2012; Intervención, do 14/12/2012 ; e Secretaría, do 13/12/2012.
4. Na sesión do 21/12/2012, o Concello Pleno acordou aprobar inicialmente o PXOM; e sometelo a información pública mediante anuncios nos diarios El Ideal Gallego e La Voz de Galicia, do 22/01/2013, así como no Diario Oficial de Galicia do 21/01/2013. Deuse audiencia aos concellos límitrofes de Bergondo, Cambre e Oleiros; e solicitáronse informes aos organismos con competencias de carácter sectorial.
5. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Memoria Ambiental correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica do PXOM do Concello de Sada, o 25/02/2015 (DOG 30/03/2015).
6. Constan os informes municipais, previos á aprobación provisional:
 - Intervención, do 02/03/2016.
 - Técnico de urbanismo (informe xurídico), do 03/03/2016.
 - Secretaría, do 10/03/2016.
 - Arquitecto da Deputación Provincial, do 26/02/2016, por carecer o concello de arquitecto.
7. O PXOM foi aprobado provisionalmente polo Concello Pleno do 17/03/2016.
8. Mediante Orde do 30/01/2017, esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio resolveu non outorgar a aprobación definitiva ao PXOM de Sada, sinalando unha serie de deficiencias a emendar.



PTU-AC-11/147
SADA (A CORUÑA)
PXOM
Notificación orde
Póx. 3 de 5

9. Constan os seguintes informes municipais, previos á aprobación provisional derivada desa Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
 - Informe xurídico do técnico de urbanismo, do 18/04/2017.
 - Informe do arquitecto técnico, do 19/04/2017.
 - Informe complementario conxunto do arquitecto técnico e do técnico de urbanismo, do 15/05/2017.
 - Informe do Interventor, do 18/05/2017.
 - Informe do Secretario, do 18/05/2017.
10. O plan xeral foi aprobado provisionalmente polo Concello Pleno do 25/05/2017.
11. Constan informes favorables de: Axencia Galega de Infraestruturas do 28/08/2017, con respecto á afección da Vía Ártabra treito. N-VI-AP-9; e Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, do 29/09/2017, de ratificación do emitido anteriormente de resultas da entrada en vigor da Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
12. O Concello achega proposta do Tomo IV da normativa do PXOM, onde se recolle a emenda do requerido polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, xunto co informe do equipo redactor explicativo das correccións requiridas.

II. ANÁLISE E CONSIDERACIÓNS

Logo de analizar a documentación do PXOM de Sada datada en marzo de 2017, redactada por Monteoliva Arquitectura SLP, e dilixenciada polo secretario municipal con razón da aprobación provisional 2 en sesión plenaria de 25/05/2017, púidose verificar o cumprimento das deficiencias sinaladas na anterior Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 30.01.2017, así como a súa adaptación á lexislación urbanística vixente; se ben, cómpre sinalar as seguintes puntualizacións:

II.1. Informes sectoriais

A redacción dos artigos 1.5.1; 5.7.1c); e 7.1.1.5 da normativa, debe axustarse á validada polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital no informe favorable do 29/09/2017, recollida no informe do equipo redactor do 21/09/2017.

No título X da normativa de Protección do Patrimonio Histórico Artístico, Cultural e Natural, engadirase un artigo recollendo o último punto das conclusións do informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza do 06/09/2013, respecto da necesidade de informe das actuacións que poidan afectar aos valores naturais.



PTU-AC-11/147
SADA (A CORUÑA)
PXOM
Notificación orde
Póx. 4 de 5

II.2. Solo Urbano

Na área de planeamento transitorio APT-UEI-8, na que se realizan modificacións que afectan ao proxecto de equidistribución, o PXOM poderá incorporar o planeamento anterior, reconocéndoo estritamente; ou, noutro caso, e de conformidade coa disposición transitoria primeira, apartado c, da LOUG, deberá axustarse integralmente ao establecido pola LOUG e pola lexislación sectorial, para o solo urbano non consolidado.

II.3. Adecuación ao Plan de Ordenación do Litoral

Na Ficha do plan especial previsto na contorna das praias de San Pedro e Cirro (PEPOID Veigue) constará a obriga de realizar un estudo de carga desas praias, ao efecto previsto no artigo 90 do POL de resolver as necesidades respecto a accesos e aparcamentos; así como de incorporar un estudio de impacto e integración paisaxística, segundo o artigo 71 da normativa do POL, no ámbito de recualificación delimitado nese Plan Especial.

II.4. Erros documentais

Na serie gráfica, grafarase correctamente a liña límite de edificación da estrada vg 1.3- Porto de Lorbé, adecuando a categorización do solo rústico afectado.

Na páxina 180 do anexo á normativa (procedemento de aviación civil), debe remitirse ao plano SA-5 da serie Estrutura xeral-Servidumes aeronáuticas, no canto ao anexo 11.

A competencia para resolver sobre a aprobación definitiva do planeamento xeral corresponde á Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de conformidade co disposto nos artigos 89 e 93.4 da LOUG; e no Decreto 167/2015, de 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en relación co artigo 3.4 e as disposicións adicional 10º e transitoria 2º do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

III. RESOLUCIÓN

En consecuencia, e visto o que antecede, RESOLVO:

1. Outorgar a Aprobación Definitiva Parcial ao Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sada, de acordo co establecido no artigo 85.7.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, con suxección ao cumprimento das condicións sinaladas no apartado II anterior; deixando en suspenso a Área de planeamento transitorio APT-UEI-8.
2. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e artigo 212.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



PTU-AC-11/147
SADA (A CORUÑA)
PXOM
Notificación orde
Páx. 5 de 5

inscribirá de oficio o Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Sada no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

3. De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o concello deberá publicar no Boletín Oficial da Provincia a Normativa e Ordenanzas do PXOM aprobado definitivamente, unha vez inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico.

4. Notifíquese esta Orde ao Concello; e publíquese no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 199.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

5. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispónen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

O que se lle comunica para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017

A directora xeral de Ordenación
do Territorio e Urbanismo

María Encarnación Rivas Díaz

